



Pobres *Re et spiritu*. O estatuto de pobreza dos relixiosos

Miguel Campo Ibáñez

1. Formulación

Testemuñar o Reino de Deus e a súa transcendencia é tarefa que incumbe non só aos relixiosos individual ou colectivamente considerados, senón á comunidade enteira. O concepto de Reino non pode ser interpretado senón en termos comunitarios.

As mensaxes dos Papas do século XX, e especialmente de Xoán XXIII ao sinalar que “a Igrexa móstrase a si mesma o que é e o que quere ser, a Igrexa de todos, especialmente a dos pobres”¹, e as ensinanzas de Paulo VI e Xoán Paulo II relativas á pobreza poñen de manifesto o interese dos Romanos Pontífices por manter vivo o recordo da pobreza evanxélica².

O Concilio Vaticano II, que tomou sobre si a tarefa de encarar a realidade no mundo moderno, e o lugar da Igrexa neste, declarou o seu desexo de ser testemuño do amor da Igrexa polos pobres, o desexo desta por situarse xunto aos pobres, os enfermos e os oprimidos.

Neste marco xeral, e especialmente dende as ensinanzas do Concilio Vaticano II acerca da pobreza evanxélica, sitúase a pobreza relixiosa buscada na Vida Consagrada.

Aos relixiosos, colectivamente considerados, é dicir, en tanto que membros dun Instituto lexitimamente constituído³, a Igrexa pediulles sempre que presten á comunidade cristiá un xeneroso testemu-

¹ Xoán XXIII, *Radio-mensaxe de 11 de setembro de 1962*, AAS 54 (1962) 682.

² Paulo VI, encíclica *Ecclesiam suam*, 6 de agosto de 1964, AAS 56 (1964) 609-659; *Idem*, Exhortación apostólica *Evangelica testificatio*, do 29 de xuño de 1971, AAS 63 (1971) 497-526; Xoán Paulo II, exhortación apostólica *Redemptionis donum*, do 25 de marzo de 1984, AAS 76 (1984) 513-546; *Idem*, exhortación apostólica *Vita consecrata*, do 25 de marzo de 1996, AAS 88 (1996) 378-486.

³ Canon 573 §2 CIC 1983.

ño de pobreza. O Concilio Vaticano II, no decreto *Perfectae caritatis*, sobre a axeitada renovación da Vida Relixiosa, chamou aos Institutos a “esforzarse en dar testemuño comunitario de pobreza” (PC 13 e).

O maxisterio de Paulo VI⁴ en materia de pobreza relixiosa incide especialmente na dimensión colectiva da pobreza relixiosa e as súas implicacións sociais⁵.

Pero dito testemuño débese construír, necesariamente, sobre a base dunha vida en pobreza de todos e cada un dos membros do Instituto. Para Paulo VI o testemuño público de pobreza dos relixiosos consistirá fundamentalmente en dar “unha xenerosa resposta á esixencia evanxélica na fidelidade total á vosa vocación e non soamente dunha preocupación por aparecer pobres, a cal podería quedar demasiado superficial, evitando de todos os xeitos formas de vida que denotarían certa afectación e vaidade” (ET 22).

Os relixiosos, como recordou insistentemente o Vaticano II, están chamados a ser pobres, pobres *re et spiritu*, material e espiritualmente (PC 13 b).

O consello evanxélico de pobreza, fundado nas palabras e exemplos do Señor (LG 43 a), é un don de Deus á súa Igrexa, que esta coa súa graza conserva sempre (LG 43 a). Dende este presuposto, o don, e polo tanto realidade carismática, da pobreza evanxélica estivo sempre baixo o atento coidado da Autoridade da Igrexa que, baixo a guía do Espírito Santo, preocupouse de interpretalos, de regular a súa práctica e de determinar mesmo formas estables de vivilos (LG 43 a).

Este don foi recibido e cultivado, ao longo da historia, por homes e mulleres que sentiron a chamada radical a seguir ao Señor mediante a profesión dos consellos evanxélicos de pobreza, castidade e obediencia, nunha forma estable de vida⁶, dentro dun Instituto Relixioso: os relixiosos e relixiosas.

⁴ Paulo VI, exhortación apostólica *Evangelica testificatio*, do 29 de xuño de 1971, AAS 63 (1971) 497-526.

⁵ J. Sugawara, *Religious poverty. From Vatican council II to the 1994 Synod of Bishops*, Roma 1997, 175.

⁶ Canon 574 CIC 1983.

A eles dirixiuse o Concilio ao invitalos a “cultivar coidadosamente a pobreza voluntaria para seguir a Cristo” (PC 13 a). Unha pobreza que, como xa sinalamos, é necesario vivila *re et spiritu*, non abondando cunha mera dependencia exterior dos Superiores no uso dos bens materiais (PC 13 a). O Concilio sinalou neste punto a lei do traballo como unha expresión privilexiada nos nosos tempos da pobreza dos relixiosos (PC 13 c).

2. Unha institución mal comprendida

Estas son algunhas das formulacións, a grandes trazos, dende os que se comprende a opción de pobreza dos relixiosos e as relixiosas. Non obstante, creo que se pode afirmar que nos atopamos ante unha das institucións peor comprendidas por parte do común dos fieis. En efecto, o fiel cristián común coñece, polo xeral, que a vida dos relixiosos e as relixiosas se constrúe sobre a base da profesión dos consellos evanxélicos de pobreza, castidade e obediencia. Non obstante, creo que serían poucos os fieis capaces de dar unha explicación medianamente detallada acerca de como toma corpo, de como se expresa, a opción de pobreza dos relixiosos e das relixiosas. E creo que aí, nese descoñecemento, xace a clave dunha incompreensión, cando non xuízo crítico, as máis das veces infundado, da opción de pobreza profesada polos relixiosos.

3. O estatuto canónico de pobreza dos relixiosos

A Autoridade suprema da Igrexa preocupouse sempre de regular, con bastante detalle, o estatuto xurídico patrimonial de relixiosos e relixiosas. É significativa a minuciosidade con que o Lexislador canónico quixo regular a plasmación xurídica da pobreza de relixiosos e relixiosas no Dereito común da Igrexa, o Código de Dereito Canónico de 1983 (CIC) para os latinos, e o Código de Canons das Igrexas Orientais (CCEO) de 1990, para os membros das Igrexas *sui iuris*⁷ orientais católicas.

⁷ M. Campo Ibáñez, *Igrexa sui iuris. Un concepto canónico novidoso*: Estudios Eclesiásticos 86 (2011) 659-686.

Van presentar, moi sinteticamente, o estatuto persoal de pobreza de relixiosos e relixiosas da Igrexa católica, na regulación contida no CIC, basicamente o canon 668⁸.

4. Un apuntamento histórico

A presentación, aínda sintética, do complexo estatuto xurídico-positivo de pobreza dos relixiosos reclama un apuntamento histórico.

Os elementos xurídicos esenciais que, ata os nosos días, configuran a pobreza dos relixiosos, especialmente no réxime propio dos relixiosos de votos solemnes, están xa presentes nunha das primeiras formas de Vida Relixiosa institucionalizada, é dicir, a vida monástica⁹.

O monacato primitivo, configurado sobre a base das regras dadas polos Padres Fundadores, vai trazar un cadro de pobreza relixiosa no que destacan os seguintes elementos:

a) O que desexa ingresar nun mosteiro ha renunciar a todos os seus bens materiais, a favor de quen desexe: do mosteiro, dos pobres, etc.

b) A renuncia aos bens temporais é expresión do desexo do monxe de abandonar un modo de vida para pasar á vida apostólica no seo do mosteiro; este paso é de carácter irreversible, unha vez abrazada a vida monástica, o monxe xa non pode abandonar este estado.

c) O monxe, unha vez dentro do mosteiro, non pode ter nada propio, todos os elementos sobre os que se constrúe a vida monás-

⁸ A regulación da pobreza dos relixiosos no CCEO, ademais de basicamente coincidente, reclamaría unha contextualización que excede, con moito, os límites deste artigo.

⁹ Eusebio de Cesarea refírenos como “Efectivamente, moitos dos discípulos de entón, feridos nas súas almas pola palabra divina cun amor moi forte á filosofía, primeiramente cumprían o mandato salvador repartindo entre os indixenas os seus bens, e logo emprendían viaxe e realizaban obra de evanxelistas”. Eusebio de Cesarea, *Historia Ecclesiastica*, I, Texto, versión española, introdución e notas por A. Velasco Delgado, III, 37. [*De los evangelistas que todavía entonces se distinguían*], Madrid 1973, 187; San Xeróme (340-420), cifrará a pobreza evanxélica en “*nudum Christum nudus sequere*”: San Xerome, Ep. 125, n.2, PL 22, 1085.

tica son propiedade do mosteiro, incluído o propio vestido e o resto de obxectos de uso persoal.

d) A pobreza do monxe, que se promete e consagra no voto de obediencia, obriga a entregar aos superiores o froito do seu traballo e a contar coa súa autorización para realizar actos de contido patrimonial.

e) Os bens materiais que cheguen ao monxe non os pode adquirir para si, pero si para o mosteiro; o monxe —que segue sendo civilmente capaz para adquirir, posuír e dispoñer dos bens materiais— ten obriga de entregar ao mosteiro todos os bens que lle cheguen.

As regras, expresión carismática, pero tamén xurídica, do impulso fundacional dos grandes Padres do monacato, dedican sempre un espazo á regulación xurídica da pobreza profesada polos monxes. A regulación da renuncia aos bens materiais, así como do estatuto xurídico-patrimonial do monxe, non constitúen, como é evidente, o núcleo central das regras, pero si un dos seus elementos máis destacados, como o proba o feito de que ningunha regra prescinda dunha regulación máis ou menos detallada destas cuestións¹⁰.

O Concilio de Trento efectuou reformas significativas no estatuto persoal de pobreza dos relixiosos¹¹, salvando expresamente o recente cambio introducido no Dereito da Igrexa coa aprobación da Compañía de Xesús¹². En efecto, co nacemento da Compañía de Xesús¹³ fai a súa aparición o réxime canónico, con importantes

¹⁰ L. Holstenius, *Codex Regularum Monasticarum et Canoniarum*, 1-2, Graz 1957; para o Monacato hispano cfr. *San Leandro, Santo Isidoro Isidoro, San Frutuoso. Reglas monásticas de la España visigoda. Los tres libros de las Sentencias, Introducción, versión y notas de J. Campos Ruiz, I. Rocha Meliá*, Madrid 1971; a San Isidoro corresponde a famosa máxima, vixente ata o día de hoxe, que atribúe a titularidade dos bens adquiridos polo relixioso ao Instituto: “*Quidquid monachus adquisit, non sibi sed monasterio adquisit*”: S. Isidoro, C. XIX. *De la vida en familia*, en: *San Leandro, Santo Isidoro Isidoro, San Frutuoso. Reglas monásticas*, op. cit., 118.

¹¹ *Decretum de regularibus et monialibus, Concilio de Trento*, in: *Conciliorum Oecumenicorum Decreta*, G. Alberigo et alii (Eds.), Bolonia 1996, 776-784.

¹² “Mais non por isto pretende o santo Concilio innovar cousa ningunha na relixión dos clérigos da Compañía de Xesús, nin prohibir que poidan servir a Deus e á Igrexa segundo o seu piadoso Instituto, aprobado pola Santa Sede Apostólica, *Id*”

¹³ E. Oliveirais, *Los votos de los escolares de la Compañía de Jesús. Su evolución jurídica*, Roma 1961.

consecuencias no campo patrimonial, dos votos simples. Ata este momento non se distinguen na Igrexa os conceptos de voto solemne e voto público.

Os séculos seguintes (séculos XVII-XX) coñecerán un florecer extraordinario dun tipo de institutos, chamados congregacións relixiosas¹⁴, dos que os seus membros, profesos de votos simples, verán plenamente recoñecida a súa condición de relixiosos co Código de Dereito Canónico de 1917. O réxime de pobreza dos relixiosos de votos simples estrutúrase arredor dos seguintes puntos:

a) O profeso mantén a propiedade dos seus bens así como a capacidade para adquirir e posuír outros bens.

b) Fronte aos profesos de votos solemnes que adquiren sempre para o Instituto, os profesos de votos simples poden adquirir para si, cando eses bens non lles chegan por razón do seu traballo, nin por razón do Instituto, nin en concepto de pensión, subvención ou seguro (depende isto último do que dispoña o Dereito propio do Instituto).

c) Non obstante a capacidade xurídica de ser propietario de bens, ou selo de feito, o profeso de votos simples segue plenamente obrigado a unha vida en pobreza. Por iso, o Dereito establece que ceda a administración de todos os seus bens a outras persoas, e que dispoña de modo fixo do uso e o usufruto dos seus bens, de forma que, na súa vida diaria, se conduza coma se non posuíse ben algún.

d) O profeso de votos simples pode sempre ser propietario á fin dos seus días, e, polo tanto, deberá outorgar testamento para dispoñer o destino dos seus bens tras a súa morte. De non o facer, entrarán en xogo as disposicións civís que, progresivamente, irán excluindo ao Instituto do grupo de herdeiros do profeso morto sen testar.

e) Todas estas disposicións, a cesión da administración, a disposición sobre o uso e o usufruto, e o testamento, poden precisar de cambios, e mesmo que se realicen tras a profesión simple. Todos

¹⁴ Para o complexo proceso de aparición e recoñecemento das Congregacións Relixiosas, cfr. o Capítulo II. *Congregaciones Religiosas* de J. Álvarez Gómez, *Historia de la Vida Religiosa*, 3, Madrid 1987-1990, 387-432.

estes actos, ao ser actos de disposición, non os poderá realizar o profeso de votos simples sen a licenza dos seus superiores.

As convulsións revolucionarias e as difíciles circunstancias políticas da Europa dos séculos XVIII, XIX e XX, moveron á Igrexa a limitar drasticamente algo que, noutras circunstancias, tivese aplaudido: o desexo de que os relixiosos vivisen unha pobreza radical.

O Concilio Vaticano II e a disciplina aprobada polo papa Paulo VI flexibilizaron as ríxidas barreiras existentes entre o réxime de pobreza dos relixiosos de votos solemnes e o dos relixiosos de votos simples¹⁵.

5. O CIC de 1983. O estatuto de pobreza dos relixiosos e relixiosas hoxe

O lexislador canónico fixo regular no dereito común da Igrexa latina, o Código de Dereito Canónico, un estatuto, bastante detallado, de pobreza dos relixiosos. Isto é mostra da importancia concedida á institución e do desexo de canalizar, dunha forma clara, e esixente, as canles de expresión da pobreza persoal dos relixiosos.

O canon 600 fixa o contido esencial do voto de pobreza, en termos xurídicos, na dependencia e limitación no uso e disposición dos bens, conforme á norma do Dereito propio. O estatuto persoal de pobreza dos relixiosos atópase no canon 668, un dos máis longos e complexos de todo o Código.

As notas básicas do réxime de pobreza dos relixiosos foron xa expostas ao fío da evolución histórica, por iso aquí ímolas expoñer só de forma sintética.

O canon 668 é complexo. Éo, porque a materia é en si complexa: a confluencia das lexislacións civil e canónica, e a gran variedade

¹⁵ Paulo VI, alocución aos Superiores xerais dos Institutos Relixiosos *Magno gaudio*, AAS 56 (1964) 565-571; Paulo VI, encíclica *Ecclesiam suam*, 6 de agosto de 1964, AAS 56 (1964) 609-659; Paulo VI, *motu proprio Ecclesiae sanctae*, do 6 de agosto de 1966, AAS 58 (1966) 757-787; SCR decreto *Religionum laicalium*, do 31 de maio de 1966, en AAS 59 (1967) 363; SCRIS, decreto *Cum Superiores Generales*, do 27 de novembro de 1969, AAS 61 (1969) 738-739; SCRIS, decreto *Ad instituenda experimenta*, do 4 de xuño de 1970, AAS (1970) 549-550.

de actos xurídicos que deben ser regulados, van propiciar en boa medida a devandita complexidade.

Ademais, a exposición e comprensión da disciplina vixente veuse a dificultar dende a opción do lexislador canónico de 1983 de, por un lado, eliminar do Código toda referencia a ordes e congregacións relixiosas, unificando a rica variedade anterior baixo o termo Instituto, e, por outro lado e en coherencia coa opción anterior, pola decisión de non manter a terminoloxía de votos simples e votos solemnes. Iso non significa que os dous réximes clásicos diferenciados de expresión da pobreza, en función da pertenza dun membro a unha orde ou a unha congregación, ou de que os seus votos sexan solemnes ou simples, desapareceran, senón que simplemente desapareceu esta terminoloxía, pero materialmente persisten os dous réximes distintos.

Como xa sinalamos, nesta materia débese ter sempre a vista posta no reflexo, nas consecuencias, que estas disposicións canónicas teñen no Dereito Civil de cada país. En efecto, relixiosos e relixiosas, non por selo deixan de ser cidadáns do Estado español e, en canto tales, plenamente suxeitos ao Ordenamento xurídico civil español. E, de igual modo, os seus bens, como os de calquera cidadán, están sometidos ás leis comúns do Estado que rexen o tráfico xurídico patrimonial. Adiantamos que non sempre as disposicións dos dous ordenamentos, o canónico e o civil, van ser coincidentes neste campo, nin vai ser doada a súa harmonización por parte dos suxeitos obrigados ao seu cumprimento, os relixiosos e as relixiosas.

Máis aínda, a pobreza dos relixiosos, pola súa propia especificidade, vai estar marcada pola confluencia de tres lexislacións: a lexislación canónica universal (o dereito común da Igrexa establecido no CIC de 1983, canon 668), os dereitos propios dos institutos (regras e constitucións) e a lexislación civil aplicable ao relixioso.

No canon 668 § 1 recóllese a previsión, por parte do Código, de tres actos distintos que os relixiosos deben levar a cabo se son propietarios de bens, de cara a garantir un distanciamento real e efectivo dos bens materiais dos que sexan neses momentos propietarios. Antes da primeira profesión, os relixiosos con bens no

seu haber deberán facer cesión da administración dos seus bens a quen desexen. O obxectivo subxacente á esixencia de cesión da administración é, claramente, conseguir o distanciamento do relixioso respecto aos bens materiais da súa propiedade, de modo que, aínda sendo propietario de bens, viva coma se realmente non o fose. O segundo acto mandado polo canon 668 § 1 é a disposición sobre o uso e o usufruto. E, xunto a iso, a disposición acerca dos froitos que accedan aos bens propiedade do relixioso, o chamado dereito de usufruto (que exclúe a consumición da cousa mesma). A terceira obriga do canon 668 § 1, común a todos os relixiosos, é a de outorgar testamento. Co testamento dos relixiosos búscase, en último termo, que a relación que o relixioso viviu ao longo de toda a súa vida respecto dos bens materiais teña, en relación a estes, continuidade tras a súa morte.

O canon 668 § 2 recolle a previsión de necesidade de licenza do Superior competente, conforme á norma do dereito propio, para realizar calquera acto en materia de bens temporais. Búscase garantir a permanencia ou estabilidade das disposicións enumeradas no parágrafo anterior e que, a través da intervención do superior, que verifica a xusta causa e concede a licenza, a pobreza profesada polo relixioso non se vexa truncada pola realización de actos en materia de bens temporais non xustificadas nin necesarios ou convenientes.

No canon 668 § 3 búscase dar expresión xurídica ao compromiso de vida fraterna en común asumido polos relixiosos que comporta, como un dos seus elementos necesarios, a comunicación de bens materiais entre os relixiosos e o Instituto. Así, o dereito establece que todo o que un relixioso gañe co seu propio traballo, ou perciba por razón do Instituto, ou en concepto de pensión, subvención ou seguro, adquireo para o Instituto, a non ser que o dereito propio estableza outra cousa.

Nos parágrafos 4 e 5 do canon 668 régúlase a renuncia aos propios bens, potestativa ou obrigatoria segundo os Institutos. Trátase dunha institución, a da renuncia aos bens, que formula notables dificultades no encontro coas lexislacións civís, polo menos o Dereito civil español, que sanciona con nulidade aquela cesión de

todos os bens na que o cedente non se reserve, polo menos, o necesario para vivir conforme ás súas circunstancias¹⁶.

E é aquí, no tema da renuncia aos bens, onde se dan as maiores diferenzas entre uns relixiosos e outros, os dos Institutos relixiosos (as antigas ordes) onde se profesan votos solemnes e aqueles outros (as antigas congregacións relixiosas) onde se profesan votos simples. O Código optou por utilizar unha terminoloxía distinta, designando os primeiros relixiosos como aqueles que “pola natureza do Instituto” deben renunciar a todos os seus bens, e aos segundos como aqueles aos que, ao máis, e unha vez sexan profesos de votos perpetuos, pódéselles permitir renunciar total ou parcialmente aos seus bens, con licenza do Superior xeral. No caso dos relixiosos de votos solemnes (sempre perpetuos), e só para eles, a renuncia, que deberá ser de todos os bens, vai acompañada da perda da capacidade de adquirir e posuír bens, polo que todo acto contrario ao voto de pobreza devén nulo en virtude do Dereito mesmo e prodúcese unha atribución patrimonial completa de todos os bens que lle poidan chegar (dende unha herdanza a un premio) a favor do Instituto. De forma máis clara aínda que no caso da renuncia a todos os bens, dificilmente se atopará hoxe un ordenamento xurídico-civil que admita esta consecuencia. O Dereito español, sen lugar a dúbidas, non poderá recoñecer que, aínda por un acto voluntario, unha persoa quede privada dunha facultade, a de adquirir e posuír, tan estreitamente vinculada á personalidade, e en tanto que integrante da capacidade xurídica de toda persoa, de carácter irrenunciable.

6. Retos actuais ao estatuto de pobreza individual dos relixiosos.

Creo que o principal reto que se formula, hoxe, ao estatuto xurídico patrimonial dos relixiosos é atopar canles de expresión xurídica, válidas ante o Ordenamento xurídico civil correspondente, que permitan chegar a dar expresión válida e suficiente ao seu desexo de pobreza consagrada profesada no seo dun Instituto.

¹⁶ Artigo 634 CC.: “A doazón poderá comprender todos os bens presentes do doador, ou parte deles, con tal que este se reserve, en plena propiedade ou en usufruto, o necesario par vivir nun estado correspondente ás súas circunstancias”.

Algunhas dificultades xa foron apuntadas, principalmente as que xiran arredor da renuncia a todos os bens e á perda da capacidade para adquirir e posuír bens. Abonde aquí apuntar outras tres áreas nas que o desexo de pobreza expresado na profesión do voto relixioso poden resultar problemáticas en canto á súa expresión xurídico-civil: en primeiro lugar a cuestión da titularidade dos dereitos de autor¹⁷, os dereitos de alimentos entre parentes e a entrega de todo o que un relixioso gaña con ocasión do seu traballo ou enxeño ao Instituto, e, finalmente, a cuestión, estreitamente ligada ao traballo, dos seguros sociais e as pensións.

7. Conclusión

Como tivemos ocasión de ver, o contido esencial do voto de pobreza remite esta á dependencia e limitación no uso e disposición dos bens. Sobre esta base, o Dereito común regula un preciso réxime xurídico para dar corpo, para dar realidade, a esa pobreza profesada. Un relixioso, no caso dos relixiosos de votos simples, poderá ser pobre, e vivir lealmente como tal, aínda sendo titular dun patrimonio. O importante é que se produza un distanciamento entre el e os bens que aseguren unha vida de dependencia e limitación real e efectivas. Unha leal aplicación das prescricións canónicas, acompañada dun consecuente recurso á lexislación civil aplicable, levará a unha vivencia real da pobreza relixiosa, con clara expresión na titularidade e administración dos bens e dereitos do relixioso ou da relixiosa.

Miguel Campo Ibáñez
Universidade Pontificia Comillas
Traduciu: **Chema Felpeto**

¹⁷ M. Campo Ibáñez, *Pobreza relixiosa e dereitos de autor. Unha aproximación ao problemático encontro entre o Dereito canónico e a lexislación civil española*, Estudios Eclesiásticos 84 (2009) 729-755.